



Xabier Pérez Igrexas, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do previsto artigo 54 no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, formula á XUNTA DE VOCEIROS/AS para a súa elevación ao vindeiro Pleno Ordinario a seguinte proposta de

***DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN FAVOR DE QUE VIGO
ACOLLA A SEDE FAO PARA REDE GLOBAL DE PORTOS AZUIS***

O 12 de xullo do pasado ano 2022, a Autoridade Portuaria de Vigo, Portos do Estado, a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno de España e mais a Consellaría do Mar da Xunta de Galiza, subscribían conxuntamente unha Declaración Institucional expresando o seu compromiso compartido para impulsar a economía azul para un futuro sustentábel. Nesa liña inseríase o obxectivo de que a cidade de Vigo, como referente portuario de nivel internacional nomeadamente nas actividades pesqueiras, acolla a Sede da Rede Global de Portos Azuis da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO). Esa declaración rubricaba os esforzos realizados desde outubro de 2019, cando no marco da Feira Conxemar a iniciativa se materializaba como unha proposta concreta.


No entanto, non se teñen acreditado por parte das diferentes administracións implicadas esforzos concretos, nin suficientes, nos últimos meses que permitan facer realidade que Vigo se configure, dotándose da Sede FAO, como verdadeiro referente mundial da estratexia de Crecemento Azul.

Atendendo a relevancia que para a cidade ten esta cuestión que atinxe un elemento estratéxico para Vigo, como é a actividade portuaria e pesqueira, o Pleno do Concello de Vigo acorda:

1. Instar á Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno de España a formalizar a solicitude diante da FAO para que Vigo acolla a súa Sede da Rede Global de Portos Azuis.
2. Demandar de todas as administracións públicas implicadas, nomeadamente a Autoridade Portuaria de Vigo, Xunta de Galiza e Goberno de España, a máxima cooperación institucional nesta cuestión.
3. Trasladar a total vocación de colaboración por parte do Concello de Vigo para lograr ese obxectivo.

Vigo, Galiza, 19 de setembro de 2023.

Asdo.



XUNTA DE VOCEIROS/AS DO CONCELLO DE VIGO